

OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2025
Enfermeiro/a especialista en enfermaría pediátrica

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. Esta proba consiste nun cuestionario eliminatorio sobre o contido da parte específica do programa, de 100 preguntas tipo test con 10 de reserva (as 10 últimas, da E101 á E110), que deberán ser contestadas entre os números **E1** e **E110**, no corpo principal da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

***LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO***

Handwritten text, possibly a date or reference number, located in the upper left quadrant of the page.

Handwritten text, possibly a name or title, located in the upper middle section of the page.

Handwritten text, possibly a paragraph or list of items, located in the middle left section of the page.

Handwritten text, possibly a paragraph or list of items, located in the middle left section of the page.

Handwritten text, possibly a paragraph or list of items, located in the middle left section of the page.

Handwritten text, possibly a paragraph or list of items, located in the middle left section of the page.

Handwritten text, possibly a paragraph or list of items, located in the middle left section of the page.

Handwritten text, possibly a paragraph or list of items, located in the middle left section of the page.

1. Segundo o modelo de Reason, un erro activo defínese como:

- A) Fallo estrutural organizativo.
- B) Decisión incorrecta cometida polo profesional en contacto co paciente.
- C) Deficiencia do sistema latente.
- D) Efecto adverso grave.

2. Un lactante de 4 meses acode a urxencias por vómitos e diarrea de 48 horas de evolución. Presenta decaimento, ollos afundidos, mucosas secas, recheo capilar enlentecido e ausencia de bágoas. Peso habitual rexistrado en historia clínica: 6,5 kg. Peso actual: 5,8 kg. Na analítica se obxectiva: Na⁺ 151 mEq/L, pH 7,30, bicarbonato 16 mEq/L. Segundo os datos clínicos e a perda ponderal, cal é a valoración máis adecuada?

- A) Deshidratación moderada hipernatrémica con acidose metabólica.
- B) Deshidratación grave hipernatrémica con alcalose metabólica.
- C) Deshidratación grave hipernatrémica con acidose metabólica.
- D) Deshidratación moderada hipernatrémica sen alteración do equilibrio acedo-base.

3. O Programa galego para a detección precoz de enfermidades xenéticas, endócrinas e metabólicas no período neonatal incluíu tres patoloxías a partir de novembro do 2024. Cales son?

- A) Anemia de células falciformes, hipotiroidismo conxénito e fibrose quística.
- B) Fenilcetonuria, galactosemia por déficit de galactocinase e tirosinemia tipo I.
- C) Hiperplasia suprarrenal conxénita (HSC), atrofia muscular espinal (AME) e inmunodeficiencia combinada grave (IDGC).
- D) Déficit de biotinidasa, arxininemia e citrulinemia tipo I.

4. Nun municipio de 10.000 habitantes rexístranse 80 nacementos nun ano. Cal é a taxa bruta de natalidade?

- A) 0,08
- B) 0,8
- C) 8
- D) 80

5. A asertividade é:

- A) O mellor xeito de saíres coa túa custe o que custe.
- B) O comportamento comunicacional no cal a persoa non agride nin se somete á vontade doutras persoas senón que manifesta as súas conviccións e defende os seus dereitos.
- C) A capacidade de identificarse con alguén e compartir os seus sentimentos.
- D) O mellor método para aceptar a submisión nunha contorna xerarquizada.

6. Segundo o artigo 1 da Convención sobre os Dereitos do Neno, enténdese por neno:

- A) Toda persoa menor de 16 anos.
- B) Toda persoa menor de 18 anos, salvo que alcanzase antes a maioría de idade conforme á lei aplicable.
- C) Toda persoa menor de 18 anos sen excepción.
- D) Toda persoa menor de idade segundo determine cada Estado.

7. As intoxicacións son unha causa frecuente de asistencia a urxencias na infancia. Indica a relación correcta entre fármaco e antídoto en caso de intoxicación:

- A) Paracetamol – Flumazenilo.
- B) Heparina – Vit K.
- C) Valproato – Carnitina.
- D) Benzodiazepinas – N Acetilcisteína.

8. Na sospeita de abuso sexual infantil, é correcto afirmar que:

- A) A presenza de hime íntegro descarta abuso.
- B) As lesións xenitais están presentes na maioría dos casos.
- C) Sempre debe realizarse tacto vaxinal e/ou rectal.
- D) Unha exploración normal non exclúe abuso.

9. O paradigma enfermeiro é un marco conceptual que establece as bases teóricas e metodolóxicas que guían a práctica, investigación e formación da profesión. É un concepto que foi evolucionando ao longo da historia. Cal é a orde cronolóxica de evolución destes paradigmas enfermeiros?

- A) Paradigma da Categorización, paradigma da Transformación e paradigma da Integración.
- B) Paradigma da Categorización, paradigma da Integración e paradigma da Transformación.
- C) Paradigma da Integración, paradigma da Categorización e paradigma da Transformación.
- D) Paradigma da Integración, paradigma da Transformación e paradigma da Categorización.

10. Segundo a clasificación por profundidade, unha queimadura que afecta a epidermis e dermis papilar, con flictenas e moi exudativa, clasifícase como:

- A) Terceiro grao.
- B) Primeiro grao.
- C) Segundo grao superficial.
- D) Segundo grao profundo.

11. As prácticas centradas na atención á familia supoñen:

- A) Tratar á familia con dignidade e respecto.
- B) Proporcionar información necesaria para tomar decisións.
- C) Involucrar activamente á familia na obtención de recursos e apoios.
- D) Todas as anteriores son correctas.

12. Antía é unha paciente de 3 meses que inicia hoxe tratamento oral con Propanolol para un hemanxioma en pálpebra dereita. A prescrición médica é de 3,5mg VO cada 12h dunha formula maxistral preparada en farmacia. Para facer o cálculo de ml de xarope que temos que administrarlle, hai que ter en conta a concentración do fármaco que, neste caso, vén etiquetado como Propanolol 0,5%. Cantos ml de fármaco débenselle administrar a Antía?

- A) 5ml.
- B) 3,5ml.
- C) 0,7ml.
- D) 0,5ml.

13. O cribado auditivo selectivo de nenos con factores de risco, permite detectar ao redor dun 50 % de nenos con hipoacusia conxénita, o que implica que o outro 50 % terá un diagnóstico tardío. Por esta razón e, a pesar de que o cribado selectivo é máis eficiente, foise abandonando progresivamente a favor do cribado universal. ¿Qué afirmación é certa sobre a hipoacusia e o seu cribado?

- A) A maioría das hipoacusias neonatais non son hiposensoriais.
- B) As hipoacusias adquiridas na infancia relaciónase con infeccións, medicamentos, toxinas con efecto teratóxeno que alteran o desenvolvemento do oído durante o período fetal ou condicións perinatais adversas.
- C) A perda de audición discapacitante defínese como a perda auditiva superior a 60dB en nenos.
- D) Un resultado negativo no test de potenciais evocados auditivos de tronco cerebral (PEATC) supón a derivación a unha consulta especializada en audioloxía infantil para realizar un estudo máis ampliado.

14. Rubén é un neno de 3 anos de idade diagnosticado dun neuroblastoma de alto risco que ingresa na nosa unidade de oncoloxía pediátrica para a administración de dinutuximab beta (Qarciba), un anticorpo monoclonal. Con respecto a este fármaco, vostede debería saber que é FALSO que:

- A) Os ascensos térmicos son moi frecuentes nestes tratamentos e pódense acompañar de elevación de reactantes de fase aguda na analítica.
- B) A dor tamén é frecuente e débense administrar analxésicos, incluso opioides intravenosos, antes de cada dose e continuar incluso unhas horas despois da finalización do tratamento.
- C) Entre as anomalías electrolíticas ocorridas no 25% dos pacientes están a hipernatremia e a hiperpotasemia.
- D) Os problemas oculares como a midríase, edema palpebral ou periorbitario e a fotofobia tamén poden aparecer.

15. En relación á escala CRIES de valoración da dor postoperatoria do RN, sinala a resposta correcta:

- A) Valora 5 ítems: Pranto, FiO₂ para manter saturación por encima de 95%, frecuencia cardíaca e tensión arterial, expresión facial e capacidade de consolo.
- B) Valora 5 ítems: Pranto, movemento de pernas, frecuencia cardíaca e tensión arterial, expresión facial e períodos de soño.
- C) Valora 5 ítems: Pranto, FiO₂ para manter saturación por encima de 95%, frecuencia cardíaca e tensión arterial, expresión facial e períodos de soño.
- D) Valora 5 ítems: Pranto, movemento de pernas, frecuencia cardíaca e tensión arterial, expresión facial e capacidade de consolo.

16. Na valoración do aparello locomotor dun/a adolescente de 12 anos durante unha revisión do Programa de Saúde Infantil, que test realizaremos para avaliar a asimetría das costas?

- A) Test de Schober.
- B) Test de Lasègue.
- C) Test de Adams.
- D) Test de Thomas.

17. Unha infección nosocomial nun recentemente nado prematuro en UCI neonatal considérase:

- A) Complicación inevitable.
- B) Incidente sen dano.
- C) Evento adverso relacionado coa asistencia.
- D) Reacción adversa.

18. Candela é unha paciente de 14 anos de idade que ingresa no noso servizo a cargo de saúde mental infanto-xuvenil, cun diagnóstico de anorexia nerviosa. Ao ingreso refire levar varios días practicamente sen comer, está hipotensa e bradicárdica e presenta un IMC de 14,5. Con respecto aos seus coidados, deberíamos ter en conta:

- A) Pesarémola todos os días e comentaremos con ela os resultados dese parámetro para que colla confianza.
- B) Neste primeiro momento debe comer o máximo posible para evitar os problemas derivados da súa desnutrición severa.
- C) Respectaremos os seus gustos ao elixir a comida para garantir unha mellor adherencia á dieta.
- D) Ao comezar a introducir a dieta nesta paciente debemos ter especial coidado coa síndrome de realimentación.

19. Con respecto á proba da tuberculina, vostede debería saber que:

- A) A proba da tuberculina baséase na reacción de hipersensibilidade retardada tras a inxección intradérmica de 0,1 ml de derivado proteico purificado de Mycobacterium tuberculosis complex (MTB).
- B) A proba da tuberculina pode presentar falsos positivos en pacientes con peor inmunidade celular como neonatos e lactantes.
- C) A proba da tuberculina pode presentar falsos negativos en pacientes que recibiron a vacina con bacilos de Calmette-Guérin (BCG).
- D) Todas son correctas.

20. En caso de exposición prenatal a opiáceos, o neonato debe ser hospitalizado polo menos durante 72h, para poder identificar os síntomas da síndrome de abstinencia neonatal (SAN) e poder iniciar o seu tratamento farmacolóxico. Esta avaliación pódese realizar mediante o test de Finnegan. Indica a puntuación correcta:

- A) Puntuación maior a 16: non síndrome de abstinencia.
- B) Puntuación 8-12: síndrome de abstinencia leve-moderada.
- C) Puntuación 0-7: síndrome de abstinencia.
- D) As respostas A e B son correctas.

21. Como enfermeiro na unidade de cirurxía maior ambulatoria pediátrica (CMAp) hoxe atende a Martín, que é un neno de 4 anos que acaba de ser operado de fimose. Na súa valoración, será imprescindible coñecer o nivel de dor do neno. Que escala elixiría para iso?

- A) Escala CRIES.
- B) Escala numérica
- C) Escala Wong-Baker.
- D) Escala Sophia.

22. A definición "Substancia química con capacidade de eliminar a sucidade adherida ás superficies dos obxectos inanimados ou tecidos vivos" corresponde a:

- A) Desinfectante.
- B) Deterxente.
- C) Xermicida.
- D) Antiséptico.

23. Cal é o roteiro de transmisión máis importante e frecuente das infeccións nosocomiais?

- A) Transmisión aérea.
- B) Transmisión por gotículas.
- C) Transmisión por contacto.
- D) Transmisión por vectores.

24. Sobre a vacinación antineumocócica no calendario infantil de Galicia:

- A) Recoméndanse tres doses de vacina conxugada 13 valente (2, 4 e 11 meses).
- B) Recoméndase catro doses de vacina con polisacáridos 23 valente (2, 4, 6 e 11 meses).
- C) Recoméndanse catro doses de vacina conxugada 13 valente (2, 4, 6 e 11 meses).
- D) Recoméndanse catro doses de vacina conxugada 20 valente (2, 4, 6 e 11 meses).

25. Entre as características definatorias do diagnóstico enfermeiro "atraso do crecemento infantil" da clasificación NANDA 2024–2026, cal destas afirmacións é correcta?

- A) Crecemento inferior a 2 desviacións estándar en comparación cos individuos da poboación e idade de referencia.
- B) Estatura superior a 2 desviacións estándar en comparación cos individuos da poboación e idade de referencia.
- C) Peso inferior a 5 desviacións estándar en comparación cos individuos da poboación e idade de referencia.
- D) Velocidade de crecemento inferior a 5 desviacións estándar en comparación cos individuos da poboación e idade de referencia.

26. Respecto ao Triángulo de Avaliación Pediátrica ("TEP"), sinala a resposta incorrecta:

- A) O TEP é unha avaliación rápida do estado fisiolóxico do neno sen ser necesaria a exploración física nin a toma de constantes (realízase sen tocar ao paciente), aínda que si desvestilo un pouco.
- B) Componse de tres lados: aparencia, respiratorio e circulatorio.
- C) A valoración debe poder facela tanto o persoal de enfermería na triaxe como o persoal médico.
- D) O seu obxectivo na atención inicial en Urxencias é alcanzar un diagnóstico rápido.

27. En relación coa Limitación do Esfuerzo Terapéutico (LET) en pediatría, sinala a opción correcta:

- A) LET consiste en retirar ou non iniciar tratamentos de soporte vital cando o prognóstico é irreversible, debendo suspenderse tamén as medidas paliativas para evitar intervencións innecesarias.
- B) A LET debe aplicarse unicamente cando existe consentimento explícito da familia para retirar ou non iniciar medidas de soporte vital.
- C) A LET baséase fundamentalmente no principio de autonomía do paciente, que prevalece sempre sobre os principios de beneficencia e non maleficencia.
- D) A LET implica non iniciar ou retirar tratamentos desproporcionados ou fútiles, mantendo sempre as medidas de confort e o control do sufrimento do paciente.

28. Sinala o marcador serolóxico máis sensible e específico para diagnóstico de enfermidade celíaca en nenos maiores de dous anos:

- A) Anticorpos IgA anti transglutaminasa tisular.
- B) Anticorpos antigliadina.
- C) Anticorpos IgM anti-endomisio.
- D) IgA total.

29. En relación coa Rede Galega de Promoción da Saúde (REGAPS), sinala a opción correcta:

- A) É unha estrutura do Servizo Galego de Saúde orientada á coordinación asistencial entre atención primaria e atención especializada en programas preventivos.
- B) É unha rede impulsada pola Dirección Xeral de Saúde Pública que promove a participación de distintos sectores e ámbitos comunitarios para fomentar estilos de vida saudables.
- C) É un programa específico do ámbito de atención primaria destinado á prevención de enfermidades crónicas mediante intervencións clínicas protocolizadas.
- D) É unha estratexia de investigación aplicada en promoción da saúde coordinada pola Axencia Galega de Coñecemento en Saúde.

30. En relación co desenvolvemento psicomotor esperado nun lactante de 6 meses, sinala o fito que non corresponde á devandita idade:

- A) Mantense sentado con apoio anterior.
- B) En decúbito supino, agárrase os pés.
- C) Realiza volteo completo de supino a prono.
- D) Sinala obxectos co dedo índice.

31. O dereito á asistencia sanitaria con cargo a fondos públicos, no ámbito do Sistema Nacional de Saúde, regúlase especificamente en:

- A) Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade.
- B) Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.
- C) Lei 29/2006, do 26 de xullo, de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios.
- D) Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde.

32. Cal dos seguintes non se considera unha técnica de investigación cualitativa?

- A) Grupos focais.
- B) Mostraxe aleatoria.
- C) Etnografía.
- D) Entrevista.

33. En relación coa condición de beneficiario da asistencia sanitaria no Sistema Nacional de Saúde, sinala a opción correcta:

- A) Só poden ser beneficiarios os cónxuxes dos asegurados.
- B) Os menores de idade unicamente poden ostentar a condición de asegurados.
- C) A condición de beneficiario deriva do vínculo cunha persoa asegurada que cumpra os requisitos legais establecidos.
- D) A condición de beneficiario non require relación cun asegurado.

34. Que afirmación sería a correcta en relación aos estadios da Diabetes Mellitus tipo 1?

- A) Estadio 2: glicemia normal e anticorpos relacionados coa diabetes positivos.
- B) Estadio 1: glicemia normal e anticorpos relacionados coa diabetes positivos e síntomas de enfermidade presentes.
- C) Estadio 2: disglucemia e anticorpos relacionados coa diabetes positivos, pero non presenta síntomas de enfermidade.
- D) Estadio 3: disglucemia, sen presenza de anticorpos relacionados coa diabetes.

35. Indica cal é o obxectivo do plan Obesidade Zero en Galicia 2022–2030:

- A) Redución relativa na prevalencia de sobrepeso infantil en Galicia dun 15% para 2030
- B) Redución relativa na prevalencia de sobrepeso en Galicia dun 15% para 2030
- C) Redución relativa na prevalencia de obesidade infantil en Galicia dun 15% para 2030
- D) Redución relativa na prevalencia de obesidade en Galicia dun 15%

36. Respecto ás dimensións da calidade, indica cal das seguintes definicións é correcta:

- A) Eficiencia: grao en que a atención sanitaria produce na poboación o beneficio que, en teoría, debería producir, é dicir, o que se obtén en condicións de aplicabilidade reais.
- B) Accesibilidade: facilidade coa que a poboación pode recibir a atención que necesita.
- C) Efectividade: grao en que a atención prestada satisfai as expectativas do paciente.
- D) Seguridade: supón ofrecer unha atención de maneira ininterrompida e coordinada.

37. Na intervención enfermeira tras o nacemento dun fillo/a, a abordaxe educativa centrada na familia caracterízase por:

- A) Priorizar exclusivamente a transmisión de información técnica.
- B) Adoptar unha actitude directiva para evitar erros parentais.
- C) Delegar a educación sanitaria na consulta pediátrica médica.
- D) Facilitar competencias parentais desde unha relación terapéutica baseada en apoio, accesibilidade e ausencia de xuízo.

38. Durante a revisión do programa de saúde infantil dun lactante de 15 meses, cal dos seguintes achados constitúe un signo claro de alerta no desenvolvemento?

- A) Non sobe escaleiras.
- B) Non realiza pinza.
- C) Non bebe dun vaso.
- D) Non fai torres de 4 cubos.

39. O método nai canguro (MMC) é unha práctica eficaz e segura en todos os recentemente nados (RN) durante a súa estancia nas unidades neonatais. Cal é a afirmación incorrecta?

- A) Colocación do acabado de nacer cun cueiro e/o gorro, en posición vertical e en contacto directo pel con pel sobre o peito espido da nai/pai ou coidador/a, en posición ventral coa cabeza lateralizada e cos brazos e pernas flexionadas.
- B) Segundo o momento de instauración, pode ser continuo ou intermitente.
- C) Prevé as infeccións nosocomiais, ao diminuír o tempo de contacto do neonato co persoal sanitario, e mellorar a termoxénese e a función barreira da pel.
- D) O MMC favorece o desenvolvemento neurocognitivo do acabado de nacer pretérmino (RNPT) en comparación cos coidados tradicionais en incubadora.

40. Nirsevimab actúa como:

- A) Anticorpo monoclonal que confire protección pasiva contra o VRS.
- B) Vacina viva atenuada que confire protección activa contra o VRS.
- C) Antíxeno recombinante que confire protección pasiva contra o VRS.
- D) Anticorpo monoclonal que confire protección activa contra o VRS.

41. O test de ADN fetal no sangue materno pode detectar a seguinte trisomía:

- A) Trisomía 21 (Síndrome de Down).
- B) Trisomía 18 (Síndrome de Edwards).
- C) Trisomía 13 (Síndrome de Patau).
- D) Todas as anteriores son correctas.

42. Segundo a teoría da Interacción recíproca de Kathryn Barnard, a interacción entre pai e fillo depende de:

- A) Reactividade do lactante aos pais.
- B) Sensibilidade dos pais ás mensaxes do neno.
- C) Claridade do lactante na emisión de sons.
- D) Todas son correctas.

43. En relación coa educación sanitaria ás nais e os pais para iniciar o adestramento no control de esfínteres, sinale a opción correcta:

- A) Respetar a negativa do neno e evitar mantelo sentado no ouriñal se mostra incomodidade ou rexeitamento.
- B) Evitar o reforzo positivo dos logros do neno.
- C) Xerar unha contorna con múltiples estímulos para acelerar a aprendizaxe.
- D) Impedir que o neno observe condutas de uso do retrete.

44. Segundo o Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro, a actualización da carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde realízase previo acordo de que órgano:

- A) As Deputacións Provinciais.
- B) Exclusivamente o Ministerio de Sanidade.
- C) O Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.
- D) As mutuas colaboradoras coa Seguridade Social.

45. A profilaxe con Vitamina K do neonato a termo, lévase a cabo nas primeiras horas de vida, co obxectivo de evitar a enfermidade hemorráxica (EHRN). ¿Que afirmación é certa sobre esta enfermidade?

- A) A dose profiláctica de Vit K é 1 mg IM, independentemente do peso ao nacemento do acabado de nacer.
- B) Os neonatos a termo teñen o nivel de Vit K un 80% máis baixo que os adultos.
- C) Segundo a idade de inicio de EHRN clasifícase en precoz, clásica ou tardía.
- D) Os depósitos de Vit K baixos débense exclusivamente á ausencia de microflora intestinal produtora de Vit K.

46. Sara é unha lactante de 10 meses que sufriu un atragoamento no seu domicilio durante a comida. Consonte ao protocolo AHA 2025, de obstrución da vía aérea por corpo extraño (OVACE), ¿qué medida non estaría recomendada?

- A) Esquema "5 e 5": 5 golpes nas costas seguidos de 5 compresións torácicas.
- B) Técnica de dous dedos para as compresións torácicas, para conseguir compresións máis eficaces.
- C) Iniciar RCP en caso de inconsciencia do paciente.
- D) Uso precoz do DEA con atenuador pediátrico.

47. Segundo a Carta dos Dereitos do Neno Hospitalizado redactada polo Parlamento Europeo en 1986, sinala a FALSA:

- A) Dereito a estar acompañado dos seus pais ou da persoa que os substitúa o máximo de tempo posible durante a súa permanencia no hospital.
- B) Dereito a non ser sometido a experiencias farmacolóxicas ou terapéuticas. Só os pais ou a persoa que os substitúa, debidamente advertidos dos riscos e das vantaxes destes tratamentos, terán a posibilidade de conceder a súa autorización, así como de retirala.
- C) Dereito a dispoñer durante a súa permanencia no hospital de xoguetes axeitados á súa idade, de libros e medios audiovisuais.
- D) Dereito do menor a que se lle hospitalice aínda no caso de que poida recibir os cuidados necesarios na súa casa ou nun centro de saúde.

48. A taxa de mortalidade perinatal inclúe:

- A) As mortes fetais a partir da semana 22 de xestación e intraparto.
- B) Todas as mortes fetais independentemente da idade xestacional.
- C) As mortes neonatais intraparto e ata os 28 días de vida.
- D) As mortes fetais a partir da semana 22 de xestación e as mortes neonatais precoces.

49. Que ferramenta é útil para determinar a composición corporal (graxa, músculo e auga) e presenta, ademais, as vantaxes de baixo custo e alta fiabilidade?

- A) Índice Waterlow.
- B) Gráficas de velocidade de crecemento da OMS.
- C) Bioimpedancia eléctrica(BIA).
- D) Índice de masa corporal de Quetelet.

50. Algunhas consideracións para ter en conta na hospitalización pediátrica son... (Sinala a FALSA):

- A) Humanizar os espazos de atención pediátrica.
- B) Eliminar os niños e establecer protocolos de non separación.
- C) Potenciar o uso de cuarto individual para cada nena ou neno. Na unidades neonatais potenciar as habitacións nai-fillo ou as habitacións familiares.
- D) Respetar a confidencialidade de toda a información relacionada co proceso asistencial, salvo dos datos relativos á súa saúde.

51. Cales son os graos de dependencia segundo a Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia?

- A) Existen dous graos de dependencia: Grao I: Dependente e Grao II: Non dependente.
- B) Existen tres graos de dependencia: Grao I: Dependencia moderada; Grao II: Dependencia severa; Grao III: Gran dependente.
- C) Existen tres graos de dependencia: Grao I: Dependencia leve; Grao II: Dependencia moderada; Grao III: Dependencia severa.
- D) Existen tres graos de dependencia: Grao I: Dependencia leve ; Grao II: Dependencia moderada ; Grao III: Gran dependente.

52. Segundo o Decreto 81/2016, do 23 de xuño, polo que se crea no ámbito do Servizo Galego de Saúde a categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista, a planificación do número de efectivos de persoal enfermeiro especialista corresponde:

- A) Ao Ministerio de Sanidade.
- B) Ao Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.
- C) Ao Servizo Galego de Saúde, baixo supervisión da consellería competente.
- D) Ás universidades públicas galegas.

53. Na valoración dun lactante con sospeita de cólico, cal dos seguintes achados considérase un signo de alarma que obriga a descartar patoloxía orgánica?

- A) Episodios de pranto inconsolable con flexión de pernas.
- B) Inicio do cadro nas primeiras semanas de vida.
- C) Presenza de sangue macroscópica en feces.
- D) Predominio vespertino dos episodios de pranto.

54. Algunhas das estratexias para o manexo NON farmacolóxico da dor en procedementos aos pacientes lactantes son... (Sinale a INCORRECTA):

- A) A succión non nutritiva (chupete, dedo ou mamila non lactante).
- B) Medidas posturais como o encartado facilitado, consistente na suxeición de cabeza e membros do neno, realizando unha flexión e promovendo a relaxación.
- C) Lactación materna pre e durante o procedemento.
- D) Administración de solucións de sacarina mediante xiringa ou chupete 1-2 minutos antes e durante unha intervención previsiblemente dolorosa.

55. Segundo a OMS, quen foi a primeira enfermeira da historia en misión internacional ao coidado duns nenos con idades entre os tres e nove anos que viaxaron a América e Filipinas coa expedición para levar a vacina da varíola aos territorios españois de ultramar?

- A) Teresa Herrera.
- B) Virginia Henderson.
- C) Isabel Zendal.
- D) Florence Nightingale.

56. Indica cal das seguintes non se considera unha causa exóxena de obesidade infantil:

- A) Dieta inadecuada
- B) Diminución de actividade física
- C) Tratamento con corticoides
- D) Escaso sono nocturno

